

**O CONCELLO DE VEDRA PONSE Á DISPOSICIÓN DA VECIÑANZA QUE PRECISE  
ALGÚN TIPO DE APOIO NESTA SITUACIÓN DE EMERXENCIA.**

Ante a situación de emerxencia xerada polo Covid-19 e en atención ás medidas de contención aplicadas desde as institucións, o Concello de Vedra activa un servizo de apoio para cubrir as necesidades dos colectivos de risco e de especial vulnerabilidade do municipio, co obxectivo de evitar as saídas do seu domicilio.

Por unha banda, o Departamento de Servizos Sociais, seguirá funcionando con total normalidade a través de medios telefónicos e telemáticos para atender a demanda e as necesidades que poidan xurdir.

Pola outra, ponse en funcionamento un servizo de apoio dirixido especialmente ás persoas que vivan soas e que non conten con rede de apoio familiar no seu entorno habitual, e que sexan susceptibles dunha atención específica derivada da crise de emerxencia sanitaria que estamos a vivir.

O servizo de apoio centrarase en:

- Colaboración para a adquisición de produtos de primeira necesidade: alimentación, hixiene persoal, limpeza doméstica...

- Retirada de medicamentos na farmacia.

- Resolver calquera dúbida ou xestión de carácter administrativo.

Este labor desenvolverase con todas as garantías de hixiene e seguridade.

As persoas que precisen deste apoio poden poñerse en contacto cos Servizos Sociais municipais por algunha das seguintes vías:

- Nos teléfonos:

\* 981814693 (de luns a venres de 9 a 14 horas)

\* Móbil: 629661685

- No enderezo electrónico: [voluntariado@concellodevedra.com](mailto:voluntariado@concellodevedra.com)

